

## Oferta de traballo: Contratos de apoio á investigación

O grupo de investigación SiDOR (Statistical Inference, Decision and Operations Research, <http://sidor.uvigo.es>) da Universidade de Vigo ofrece **dous contratos para realizar tarefas de apoio á investigación** na área de Estatística e Investigación de Operacións. As tarefas a realizar corresponden a dúas liñas:

- **Liña A:** Desenvolvemento de metodoloxía relacionada coa investigación básica do grupo SiDOR. Estudo das propiedades dos métodos propostos
- **Liña B:** Resolución de problemas específicos doutras áreas de coñecemento (medicina, oceanografía, bioloxía, enxeñería, economía, etc) en colaboración con outros grupos de investigación, aplicando e/ou desenvolvendo a metodoloxía estatística adecuada

Requisitos:

- Grao en Matemáticas ou Estatística, ou grao noutras titulacións con formación específica na área de Estatística e Investigación Operativa a nivel de posgrado
- Manexo de software estatístico. Coñecementos de programación
- Bo nivel de inglés falado e escrito

Criterios de valoración:

- Expediente académico do grao
- Expediente académico de máster, no seu caso
- Curriculum vitae
- Entrevista persoal

Descrición do traballo:

- Salario bruto: 1250 euros/mes
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana
- Duración do contrato: **4 meses prorrogables**
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus Universitario As Lagoas-Marcosende (Vigo)
- No caso de alumnos de posgrado, a investigación a realizar poderá motivar un Traballo Fin de Máster (TFM)

Presentación de solicitudes e prazo:

- Mediante correo electrónico dirixido a [sidor@uvigo.es](mailto:sidor@uvigo.es) co seguinte asunto: **Praza apoio á investigación SiDOR**
- Achegar expediente académico de grao/máster e CV
- Prazo: **ata as 14:00 horas do 20 de abril de 2018**

Entrevistas persoais e resolución:

- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal
- Data estimada de resolución para a provisión da praza: 27 de abril de 2018
- Data prevista de inicio do contrato: **entre 15 de maio e o 15 de xuño de 2018**